

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia outorga a Gemma Nierga, Directora do programa *La Ventana* da Cadena SER, o premio “Dolores Llópiz - Psicoloxía e Sociedade”

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2012.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) celebra o vindeiro sábado 12 de maio no Parador de Baiona (Pontevedra) o encontro ACHEGAS DA PSICOLOXÍA 2012.

Comezará o acto ás 14 horas cun xantar de confraternidade ao que asistirán psicólogas e psicólogos de toda Galicia.

Ao abeiro deste encontro, farase entrega do premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade*, que distingue á persoa, institución ou asociación que teña contribuído ao desenvolvemento da Psicoloxía.

Este galardón leva o nome da nosa compañeira Dolores Llópiz Pereiro, que xa non está entre nós, para recoñecer a súa implicación e xenerosidade co Colexio, co que participou activamente.

A Xunta de Goberno do COPG acordou a concesión do Premio *Dolores Llópiz. Psicoloxía e Sociedade*, na súa IV edición, a Gemma Nierga, en calidade de directora do programa *La Ventana*, polos espazos de *Nikosia* e *La Tertulia desde la Cárcel*, xa que cremos que a iniciativa, o compromiso e a sensibilidade que levan demostrando desde *La Ventana* durante tantos anos cos dous colectivos que son obxecto destes espazos é digno de recoñecemento desde a nosa profesión, a Psicoloxía.

Apreciamos e valoramos o enorme labor de visualización e de desestigmatización que se realiza desde *La Ventana* dándolles directamente a palabra a eles e elas, “tolos” e presos. Cederlles semanalmente os micrófonos a Cristina, Víctor e a Ángel -

entre outras persoas- fai que os muros que os separan da sociedade, nun caso imaxinarios e no outro reais, acaben sendo derribados ou polo menos máis permeables.

Son o altofalante que nos permite achegarnos ás súas realidades e ao seu día a día, e con isto a que sexa posible unha mellor integración. Entendemos que non son simplemente un vehículo de transmisión, no mesmo proceso convértense ademais nun medio para acadar a tan ansiada integración. Os oíntes, mentres tanto, temos o privilexio de asistir en directo a todo este proceso, de poder aprender da xente que soña esperta, como di a *Princesa Inca* dos tolos, e dos reclusos que soñan con ter intimidade e perderse entre a multitude.

De seguido homenaxearemos ás compañeiras e compañeiros de profesión que cumpren 25 anos de colexiación e darémoslle a benvida aos novos compañeiros e compañeiras que se uniron ao COPG no ano 2011 facéndolles entrega dunha distinción colexial.

O acto estará amenizado por alumnos e alumnas do IES Álvaro Cunqueiro de Vigo e do Conservatorio de Música de Vigo.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

www.copgalicia.es

copgalicia@cop.es